

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**



O GROVE • Nº 33- 2º TRIMESTRE 2014

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

Resumo do 2 trimestre

Visita ao colexio

Sorteo dun smartphone

III campamento de verán

**Trofeo Concello do Grove
de piragüismo**

Resultados



**DEPORTE
GALEGO**

galiciã

Resumo do 2º trimestre 2014

Este Boletín nº 33, é un resumo da actividade realizada pola nosa entidade nos meses de: abril, maio e xuño. Este período coincide co remate da liga de xadrez, polo que non é de extrañar que case toda a actividade do noso clube estivese ligada co piragüismo.

Neste número facemos un pequeno repaso das visitas aos colexios para a captación de rapaces e rapazas; damos conta do sorteo dun móbil para recaudar fondos para financiar os desprazamentos ás diferentes competicións e, co mesmo fin, informamos de que xa está a venda a Lotería do Nadal.

Un ano máis, a través da ADM



(Asociación do Deporte Meco) en colaboración coas Concelleirías de Deportes e Xuventude, colaboramos no III Campamento Deportivo de Verán, achegando o piragüismo aos nenos e

nenas grovesenses. E, finalmente, temos os resumos das regatas que organizamos este ano, e os resultados dos nosos equipos de piragüismo a nivel galego, nacional e internacional.

Xa temos á venda a lotería de Nadal

Xa se poden facer coa Lotería de Nadal que, como todos os anos, poñemos á venda para lograr facernos cuns ingresos “extra” para a entidade ao tempo que, como non, tratamos de repartir un pouco de sorte entre os nosos veciños cos que esperamos compartir alegría se nos toca algún premio.

Este ano o número da sorte é o 76.671, que xa se pode adquirir en décimos nos establecementos que habitualmente colaboran con nós ou pasando polo Pavillón de Deportes Náuticos.

Ademais, dentro de pouco xa se poderán adquirir o noso número en participacións, que venderán os nosos deportistas a pé de rúa para que ninguén quede sen o seu billete.

Colabora con nós e co deporte do Grove, merca un pouco de ilusión!



«NAVIDAD»
Adoración de los Reyes Magos. Tabla realizada por Pieter Coecke van Aelst. Siglo XVI. Museo Nacional del Prado, Madrid.



Visitas aos colexios

Durante o mes de xuño, e como ven sendo habitual nos últimos anos, varios dos membros do equipo técnico de piragüismo, fixeron visitas aos colexios do municipio grovense de cara a captación de nov@s deportistas.

Rut, Breixo e Tania foron os encargados de realizar estas visitas aos colexios, onde deron charlas e fixeron demostracións aos rapaces e rapazas, de que é o piragüismo, amosando os tipos de palas, facendo demostracións de como remar e repartindo dípticos, de cara a contar con novos padexeir@s nos equipos de promoción.

Os nosos técnicos visitaron todos os colexios do municipio, agás un, que non facilitou a autorización pertinente para poder realizar a charla cos seus alumn@s.



Sorteo dun smartphone

Os gastos dun clube deportivo son moitos polo que calquera idea pode ser boa para poder sumar ingresos. De cara a captación de fondos para afrontar os gastos dos desprazamentos dos equipos de promoción, realizamos o sorteo dun móbil de última xeración (Smartphone) coa colaboración de GT INFORMÁTICA.

O sorteo realizouse na entrega de trofeos da 1ª Regata da Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns que organizamos no Grove o 18 de maio; sendo o gañador do sorteo Miguel Aguiño, da Taberna O Arauxo. Dende o Breogán, agradecemos enormemente a colaboración prestada coa compra das rifas para este sorteo.



Deputación Pontevedra

III campamento deportivo de verán

Un ano máis, e xa van tres edicións, colaboramos dende a ADM (Asociación do Deporte Meco) no Campamento Deportivo de Verán que organizan as Concelleiras de Deportes e Xuventude.

Así, os nenos e nenas do municipio grovense, así como tamén alúns visitantes, poden gozar durante os meses de xullo e agosto dunhas actividades deportivas, moitas delas o aire libre; onde coñecen diversos deportes, aprenden a convivir

con outros rapaces e, por suposto, se divertir.

Fútbol, baloncesto, balonmán, remo, piragüismo, deportes alternativos, xogos, etc., son xa habituais nas actividades deste campamento. E cada ano a oferta deportiva deste campamento vai aumentando, incorporándose novas actividades e modalidades, como é o caso deste ano, onde os participantes acuden a surf (na praia da Lanzada) e a fútbol gaélico, unha completa disciplina deportiva.



Gala do Deporte Meco

O Pavillón de Congresos de A Toxa, acolleu unha nova edición da Gala do Deporte Meco, no que se recoñeceu a traxectoria de deportistas e entidades durante a tempada 2013.

Entre os galardoad@s estiveron varios deportistas e técnicos do Breogán:

Mellor Deportista Maculino de Élite: Tono Campos (no ano 2013 estivo en Betanzos e agora está no Breogán).

Mellor Promesa feminina: Laura García.

Mellor Adestrador: Sami Grigore.

Mellor Club: Piragüismo Breogán.

Mellor Evento Deportivo: XI Travesía da Toxa.

Tamén estiveron entre os finalistas: Natalia García Naveiro (Mellor Deportista feminina de Élite), Rut Otero (Mellor Deportista Feminina Amateur) e o Clube de Piragüismo Breogán (Mención polo Traballo coa Base).



XXVIII Trofeo Concello do Grove de piragüismo



Este ano no Grove apostouse forte pola actividade do piragüismo e, coa colaboración das Concellerías de Deportes e de Xuventude, a vixésimo oitava edición do Trofeo Concello de O Grove de piragüismo estivo formado por dúas regatas: a XII Travesía da Toxa e a 1ª Regata da Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns. O sábado 17 de maio celebrouse a XII Travesía da Toxa e, ao día seguinte, a 1ª Regata da Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns. O club gañador do XVIII Trofeo Concello de O Grove saíu da suma das clasificacións das dúas regatas.

XII TRAVESÍA DA TOXA

A Travesía da Toxa tivo este ano un novo formato de competición ao participar os deportistas en embarcacións grandes, de nada menos que catro ocupantes (K-4 e C-4). As categorías que participaron en dita proba foron a absoluta e xuvenil, tanto masculina como feminina. O percorrido da regata foi o habitual nos últimos anos, tratándose dun circuito que se estendía entre o Paseo Marítimo e a illa de A Toxa, que se podía ollar na súa totalidade, facendo unha regata moi interesante.



"la Caixa"



O noso equipo, con varias baixas, presentou catro embarcacións nesta regata: o C-4 xuvenil de Sergio Meis, Diego Naveiro, Borja Meis e Félix Meis, barco que se impuxo na súa categoría. O C-4 senior foi segundo, cunha tripulación formada por Tino Rodríguez, Sami Grigore, Cristian Ribademar e Miguel Fernández. Mentres, o K-4 muller senior con Rut Otero, Tania Álvarez, Sara Bravo e Sara Cacabelos rematou na terceira posición. Pola súa banda o K-4 senior de César Riveiro, Yoel Alonso, Eros Martín e Jaime Castro non puideron rematar a regata por avaría no K-4.

Ademais dos trofeos, os padexeir@s das embarcacións que ocuparon a primeira posición en todas as categorías, recibiron un lote de produtos da TIENDA MANANTIALES DE LA TOJA; e os que remataron na segunda posición recibiron un lote de produtos de

CONSERVAS SELECTAS DE GALICIA S.A.

O clube gañador desta regata, o Club de Mar Ría de Aldán, recibiu un trofeo donado por CASINO LA TOJA. O Escuela Ciudad de Pontevedra quedou na segunda posición, mentres que o clube de As Torres de Catoira foi terceiro, facéndose co último chanzo do podio.

1ª REGATA DA LIGA PROVINCIAL DE ALEVÍNS E BENXAMÍNS

Na xornada do domingo, tivemos a regata coas categorías máis pequenas e, coa colaboración do bo tempo, puidemos gozar dunha proba moi entretida cun tempo propio do verán.

Nesta primeira regata da tempada para estas categorías, o Breogán ocupou a 4ª posición, moi preto do segundo posto se lle botamos unha ollada ás puntuacións finais.

Entre os nos@s deportistas puidemos destacar os seguintes resultados individuais: entre as mulleres benxamíns, Carme Devesa facíase coa Medalla de Bronce, Valeria Oliveira era 5º e Ainhoa Piñeiro 15º. Nas mulleres alevín "B", Marta Mourelos era 11º e Diana Méndez 14º; e nas mulleres alevín "A", Lucía Devesa foi 5º e Soraya Folgada 16º.

Na clasificación por clubes, o gañador foi a Escuela Ciudad de Pontevedra, seguido de As Torres Romería



aínda non nos segues nas redes sociais?

© BreOGAN

© GROVE



@CMDCBreogan



facebook.com/BreoganGrove



clubbreogan.org



Vikinga e O Muiño de Ribadumia. Tod@s @s deportistas de estas dúas regatas, foron obsequiados con bolsas de habitallamento donadas polo supermercado GADIS, contando tamén coa colaboración do restaurante grovense A TRAIÑA.

XVIII TROFEO CONCELLO DE O GROVE

Como remate a entrega de trofeos desta segunda proba da fin de semana, fíxose entrega do Trofeo Concello de O Grove.

Despois de sumar as clasificacións por clubs das dúas regatas, o club gañador desta vixésimo sexta edición do trofeo meco de piragüismo foi a Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra, que ademais de levar o trofeo foi obsequiado cun bono regalo dunha fin de semana para dúas persoas do GRAN HOTEL DE LA TOJA.

Na segunda posición rematou o clube As Torres de Catoira, que foi agasallado cun bono regalo dunha fin de semana para dúas persoas no HOTEL BALNEARIO HESPERIA ISLA DE LA TOJA.

Por último, o equipo de padexeir@s que se fixo coa terceira posición foi o do Clube de Mar Ría de Aldán, que se levou un bono regalo dunha fin de semana no HOTEL LOUXO LA TOJA.

Despois desta fin de semana de piragüismo no Grove, @s nos@s padexei@s quedaron con moi bo sabor de boca, ao poder gozar da competición diante dos seus veciños e amigos.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

Resultados a nivel gaelgo

No segundo trimestre do ano os resultados a nivel gaelgo (ademais dos acadados na Travesía da Toxa) foron os seguintes:

O 7 de xuño no Descenso do Miño en Lugo, cun equipo formado por 10 padexeir@s rematamos na 8ª posición; e a nivel individual Segio Meis gañaba no C-1 xuvenil, mentres o seu irmán, Félix, era 2º na mesma categoría. Antía Rodríguez foi 2º no C-1 muller senior e Adrian Ribademar facíase co 3º posto no C-1 home cadete.

Un ano máis o Príncipe de Asturias disputouse en Verducido co novo formato de competición, onde os padexeir@s remaron primeiro nos barcos individuais (K-1 ou C-1), logo nos barcos dobres (K-2 ou C-2), para rematar nos barcos de catro (K-4 ou C-4). Breogán presentou tres barcos nesa regata, os cales lograron subirse todos ao podio: o C-4 home senior de Tono Campos, Diego Romero, Tino Rodriguez e Miguel Fernández foi 1º; posto que tamén conseguiu o C-4 home xuvenil formado por Borja Meis, Diego Naveiro, Félix Meis e Sergio Meis; mentres que o K-4 muller senior con Laura García, Tania Álvarez, Sara Bravo e Rut Otero remataba na 3º posición. Finalmente, o Breogán logrou a sexta posición na clasificación por clubs.

O Descenso do Umia disputouse o 15 de xuño, sendo ao mesmo tempo o Campionato Galego de Ríos e Travesías. A esta regata asistimos con nove padexeir@s que acadaron o 5º posto por clubs. A nivel individual Miguel Fernández foi 1º no C-1 home senior, Sergio Meis 1º no C-1 home xuvenil, sendo 2º o seu irmán Félix; Sara Bravo impoñíase na categoría K-1 muller xuvenil e Adrian Ribademar foi 3º no C-1 home cadete.

No Descenso do Miño de Ourense, celebrado o 21 de xuño, os resultados non foron moi bós, ademais de que acudimos cun equipo formado por tan só sete deportistas que acabaron todos entre o 4º e o 8º posto, acadando un 8º posto por clubs. Destacaron a nivel individual o 4º posto do K-2 home cadete de Edu da Silva e Adrian Otero, ou o 5º posto de Sara Bravo en K-1 muller xuvenil.

O 28 de xuño celebrouse o Trofeo de As Pontes, en embarcacións K-4 e C-4, onde presentamos só dúas embarcacións e as dúas remataron na 1ª posición, sendo 6º por clubs. No K-4 muller senior estiveron Rut Otero, Tania Álvarez, Laura García e Sara Bravo; e na C-4 home xuvenil participaron Diego Naveiro, Borja Meis e os xemelgos Félix e Sergio Meis.

LIGA GALEGA DE PROMOCIÓN

Tres foron as regatas disputadas desta liga destinada a padexeir@s infantís, durante o segundo trimestre; esta s



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

regatas leváronnos a Pontevedra (río Lérez), Pontesampaio (río Verdugo) e Lugo (río Miño). O Breogán moveu nestas probas un equipo de formado por un número de entre 20 e 24 padexeir@s, que conseguiron rematar na segunda posición na clasificación por clubs tanto en Pontevedra, como en Pontesampaio. Na regata de Lugo o noso equipo deu o salto ao primeiro posto, sendo os primeiros en superar os 4.000 puntos nunha regata nesta tempada. A nivel individual, os mellores resultados foron para Iván Meis (sempre no podio), Antia Naveiro, Sergio Outeda, Daniel Mourellos e Tomás Benavides.



LIGA PROVINCIAL DE ALEVÍNS E BENXAMÍNS

Ademais da regata do Grove, da que falamos noutro apartado deste boletín, tivo lugar a 2ª regata da Liga Provincial de ALevíns e Benxamins en Verducido, onde o Breogán rematou na 5º posición na táboa por clubs. Os mellores resultados a nivel individual foron os das benxamíns Valeria Oliveria (que foi 4ª) e Carme Devesa (que acadou a 5ª posición).

LIGA GALEGA DE KAIK DE MAR.

Neste trimestre disputáronse dúas regatas desta liga (a 3ª foi en Rianxo e a 4ª en Vilagarcía), nas que se acadaron moi bos resultados a nivel individual.

Rianxo: Tania Álvarez, 3º K-1 muller senior, Rut Otero 2º K-1 muller veterana, Sara Bravo e César Riveiro 2º K-2 mixto, Tino Rodríguez 1º K-1 home senior tradicional, Simón Díaz 1º K-1 home veterano tradicional; Edu da Silva e Adrián Otero 1º K-2 home cadete.

Vilagarcía: Rut Otero 2º K-1 muller veterana, Sara Bravo e César Riveiro 2º K-2 mixto, Tino Rodríguez 1º K-1 home senior tradicional, Edu da Silva e Adrián Otero 1º K-2 home cadete.



HABITAT

Decoración

Resultados nacionais

Os 26 e 27 de abril, Verducido acollía a primeira regata nacional que se disputou neste segundo trimestre do ano; celebrándose a Copa de España de 1.000 m., e onde Breogán obtivo un bo posto ao rematar na 5ª posición.

Diego Romero facíase coa Medalla de Ouro no C-1 senior, e no C-2 obtiña o mesmo resultado con Tono Campos. Pero por se fora pouco, estes dous padexeiros voltaban o máis alto do podio no C-4 acompañados de Jacobo Domínguez e Cristian Ribademar.



O K-4 muller senior, con Laura e Natalia García, Tania Álvarez e Sara Bravo, remataba na cuarta posición, posto

que tamén acadou o C-4 xuvenil de Diego Naveiro, Borja Meis, Sergio Meis e Félix Meis. Tamén foron cuartos o C-2 senior de Jacobo Domínguez e Adrian Fernández.

Os días 10 e 11 de maio, Badajoz acollía o Campionato de España de Maratón, onde Tono Campos (C-1 senior) e Jacobo Domínguez (C-1 sub 23) se proclamaban Campións de España nas súas respectivas modalidades.

No selectivo que se realizou para o C-2 senior nesta mesma regata, Tono Campos formou parella con José M. Sánchez (Betanzos), ocupando a primeira posición; mentres que Jacobo Domínguez remataba terceiro formando barco con Alan Avila (C.N. Palma)

A Copa de España de 500 e 200 m. disputouse en Verducido os días 24 e 25 de maio, co Breogán rematando na 6ª posición. A protagonista nesta regata foi Natalia García ao facerse coa Medalla de Bronce no K-1 200 m. e coa de Medalla de Ouro no K-2 200 m.

coa súa irmá Laura.

Tono Campos e Diego Romero, impoñíanse no C-2 senior sobre os 500 m., e os xuvenís Diego Naveiro e Borja Meis, remataban quintos no C-2 500 da súa categoría.

Nesta regata produciuse un feito histórico para o Breogán, ao participar por primeira vez unha padexeira nosa na modalidade de canoa, Mª Antía Rodríguez. Cuenca, que participou no I Descenso do Júcar o día 14 de xuño; onde tamén estivo presente Pedro Areal, que se fixo co 2º posto no C-1 senior.

O día 21 de xuño, celebrouse en Aranjuez o II Campionato de España de Ríos e Travesías, presentando o Breogán a tres padexeiros e os tres subiron ao podio.

Adrian Fernandez e Pedro Areal proclamáronse Campións de España no C-2 senior, mentres que Miguel Fernández, se facía coa Medalla de Bronce no C-1 senior.

Unha semana máis tarde, os mesmos protagonistas estiveron presentes no Descenso Ibérico (Zamora) obtendo resultados similares. Adrian Fernández e Pedro Areal impoñíanse no C-2 senior, mentres que Miguel Fernande facíase co segundo posto no C-1 senior.



Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



LIGA DE NOVAS PROMESAS

A fin de semana do 31 de maio e 1 de xuño, o encoro de Santa Cruz de Trasona (Asturias) acollía dúas regatas da Liga Nacional Novas Promesas: mentres que o sábado tiña lugar a Copa de España Cadetes sobre 1.000 m., o domingo celebrábase o I Campionato de España de Infantís sobre 3.000 m.

Na xornada do sábado presentamos só tres padexeiros da categoría cadete, entre os que destacou o 5º posto obtivo na final B do canoista Adrian Ribademar.

O domingo, no Campionato de España de Infantís, puxemos en escena a 17 padexeir@s, dos que 14 entraron en control; sumando un total de 834 puntos que nos deron a 4ª posición na clasificación por clubs, logrando quedar moi preto do terceiro posto.

A nivel individual, o mellor resultado foi o 6º posto obtido por Iván Meis no C-1 infantil "B".

Zamora foi o escenario onde tivo lugar a Copa de España Infantil sobre 3.000 m. celebrada o 28 de xuño, onde os padexeir@s tiveron que remar nos barcos individuais (K-1 e C-1) e nos barcos dobres (K-2 e C-2).

O Breogán presentou a esta proba un equipo formado por 19 padexeir@s, que sumaron un total de 1.281 puntos, que deu como resultado final o 4º posto por clubs. A nivel individual destacou o noveno posto de Antía Naveiro (K-1 muller infantil "A") e o sétimo posto de Tomás Benavides e Eloi Ochoa no C-2 home infantil "A".



VICTOR OTERO PROL

ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

Resultados internacionais



Un ano máis o Breogán contou con deportistas competindo en competicións internacionais, aínda que cada vez é máis difícil, non só polo esforzo que deben facer os deportistas para acadar as prazas que dan dereito a participar como membros da selección española, senón, que na maioría dos casos hai que pagar os desprazamentos e estancias destes deportistas, o que supón un gran esforzo para o club.

CAMPIONATO DE EUROPA DE MARATÓN (Piestany-Eslovaquia) (13-15 xuño).

Jacobo Domínguez, despois de proclamarse Campión de España de C-1 sub 23 na modalidade de maratón, acadou o billete para participar no europeo desta modalidade.

A súa participación no C-1 sub 23 non foi boa, xa que ao ter que usar o achicador coa perna dianteira e non estar acostumado, sufriu unha sobrecarga na mesma e tivo que abandonar a proba sen rematala.

No C-2 senior formou parella co maiorquín, Alan Avila, e obtiveron un valioso 5º posto.

CAMPIONATO DE EUROPA DE PISTA SUB 23 (Ivelines-Francia)(25-29 xuño).

Natalia García foi a representante española no K-1 muller sub 23 sobre 200 m. no Campionato de Europeo de Pista Sub 23.

Natalia fixo un bo campionato, rematando a un suspiro de meterse na final A, pero tivo que conformarse con disputar a final B, onde rematou na 2ª posición, e decir onceava de Europa nesta modalidade e distancia.

